



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA E A CORPORACIÓN DE RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. ("O Agro", "Labranza" e "Ferrado e medio"), 2020

En Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, don José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 99/2018 do 26 de setembro (DOG nº 185 do 27 de setembro de 2018) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra banda, don Alfonso Sánchez Izquierdo, con DNI 34583401A, director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, actuando en nome e representación de Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., con CIF A15073349, en virtude do disposto no artigo 26 da Lei 9/2011, do 9 de novembro dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e polo artigo 22 dos Estatutos sociais.

EXPOÑEN

Primeiro. Que a Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A., a través da súa canle de televisión, TVG, ven emitindo dende 9 de marzo de 1991 os espazos "O Agro" e "Labranza", o que os converte, con máis de vinte anos de historia, en espazos decanos da televisión na Comunidade Autónoma. A creación de ambos os dous programas foi proposta e promovida directamente pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes como un servizo público de información para o sector agropecuario e forestal e para os habitantes do medio rural, no que a consellería competente nesta materia ven prestado a súa colaboración.

Así mesmo, a través da súa canle de radio, ven emitindo o programa "Ferrado e medio" os domingos de 07:00 a 08:00 da mañá.

Segundo. Que durante o ano 2019, o programa "LABRANZA" rexistrou unha cota de pantalla do 12,8 % e unha audiencia media de 60.000 espectadores. Pola súa banda o espazo "O AGRO" que se emite no programa "A Revista" acadou unha cota de pantalla





estimada do 6 % (16.000 espectadores). Ademais de estar na primeira canle de Televisión de Galicia, este programa emítese para toda Europa e América a través da canle internacional da CRTVG.

O programa de Radio Galega “Ferrado e medio” emitido na franxa de 07:00 a 08:00 os domingos rexistrou unha audiencia acumulada no ano móbil Febreiro-Novembro de 2019 de 1.000 oíntes segundo o Estudio General de Medios. Ademais de emitirse na Radio Galega o programa está dispoñible na páxina web da CRTVG.

Terceiro. Que os obxectivos informativos dos tres programas son os mesmos: a difusión de temas de actualidade e interese para o sector agrario, forestal e rural, o que inclúe información actualizada sobre as cotizacións dos mercados gandeiros, as distintas liñas de axudas ás que poden optar os agricultores ou avisos de pragas e enfermidades, entre outros.

Cuarto. Os ditos obxectivos coinciden cos previstos no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, que coa súa participación pretende levar a cabo un servizo de difusión nos medios de comunicación de titularidade pública que ten por obxecto a divulgación de mensaxes que contribúan ao desenvolvemento do medio rural e a mellorar as condicións de traballo e de vida das persoas que se dedican en Galicia á actividade agrogandeira e forestal.

Quinto. Que a Consellería do Medio Rural considera á Corporación de Radio e Televisión de Galicia, S.A., por razón do seu alto grao de audiencia nas zonas rurais e a súa raizame na sociedade galega, un medio idóneo para impulsar os devanditos aspectos relacionados co sector agrogandeiro e forestal e ao mesmo tempo, que por este medio se considera de grande importancia revitalizar e impulsar a súa programación en todo o que respecta a este sector no ámbito da Comunidade Autónoma galega.

Sexto. Que a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., como sociedade pública, ten o interese e o deber, como servizo público que é, de dar a coñecer e promover entre a súa audiencia a divulgación de programas mediante os que se acade unha formación integral dos galegos na importancia que ten o sector agrogandeiro e forestal.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de conformidade coas seguintes





CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración técnica e financeira para o desenvolvemento dos espazos "O Agro", "Labranza" e "Ferrado e medio", que emite a Corporación Radio e Televisión de Galicia, á quen lle corresponde o establecemento da liña editorial e a consecuente responsabilidade sobre os contidos emitidos.

Segunda.- Obxectivos dos programas que son obxecto do convenio

A Corporación de Radio e Televisión de Galicia, S.A., emitirá os espazos "O Agro", "Labranza" e "Ferrado e medio" orientados á consecución dos seguintes obxectivos:

- a) Información e difusión dos distintos planos que conforman a actividade da Consellería do Medio Rural en relación co sector agrogandeiro e forestal.
- b) Difusión da información que contribúa á mellora e á racionalización destes sectores produtivos, así como á súa promoción cara o fomento do consumo dos seus produtos.
- c) Achegamento á realidade do traballo e á vida cotiá das xentes do medio rural de Galicia e, en xeral, transmitir calquera tipo de información e coñecementos considerados de importancia en relación co noso sector agrogandeiro e forestal.

Terceira.- Obrigas das partes

A) A CORPORACION RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. comprométese a:

- 1. Elaboración dos programas nos que se emitirán os contidos de interese xeral para o sector agrogandeiro e forestal.
- 2. Emisión do programa Labranza, cunha duración de 30 minutos de duración, todos os domingos a partir das 14:00 h dende o 1 de marzo ao 23 de decembro de 2020. En total, 43 programas. O programa inclúe dúas reportaxes (de 12 minutos e medio de duración aproximadamente) nos que se trata de facer unha análise en profundidade de temas de actualidade do sector agropecuario, forestal e o medio rural.





3. Emisión do espazo O Agro, cunha duración de 7 minutos, os martes e mércores, a partir das 12:00 h dende o 1 de marzo ao 23 de decembro de 2020. En total son 86 programas. Incluirán con carácter xeral, unha ou dúas reportaxes, de entre 2 e 4 minutos de duración, sobre temas de actualidade do sector agrario, forestal e rural, así como varias seccións fixas segundo o día da semana.

4. Emisión do espazo Ferrado e medio, cunha duración dunha hora, os domingos de 07:00 a 08:00 horas, dende o 1 de marzo ao 23 de decembro de 2020. En total son 43 programas. O contido deste programa versa sobre as novidades da agricultura e a gandería galegas. Así estrutúrase en diversas seccións que inclúen información relativa ás producións agrícolas, planta ornamental, oleícolas, sector gandeiro, forestal e información de interese para as persoas traballadoras destes eidos produtivos.

5. Cesión ou o aproveitamento do material gráfico elaborado pola Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. para uso da Consellería do Medio Rural na promoción, divulgación, cursos, conferencias, material didáctico ou difusión por calquera medio que considere oportuno a Consellería, enviándolle copias dos espazos emitidos nun soporte de calidade axeitado e posibilitando a solicitude puntual de imaxes ou material en bruto.

As devanditas producións, nos seus títulos de crédito, farán constar "Imaxes cedidas por CRTVG, S.A."

Con carácter previo á reprodución que se autoriza nesta cláusula, a Consellería do Medio Rural solicitará á Corporación de Radio e Televisión de Galicia, S.A. as imaxes que precise, o seu destino, o número de copias que proxecta realizar e o procedemento de distribución previsto. Así mesmo, poderá solicitar copias dos programas emitidos en formato DVD.

6. Finalmente, a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. asume a obriga de facer constar a colaboración da Xunta de Galicia - Consellería do Medio Rural na dita produción.

B) A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL comprométese a:

1. Achegar a cantidade que figura na cláusula quinta do presente convenio para





levar a cabo o obxecto do mesmo.

2.Orientar e facilitar toda cantidade necesaria para a boa realización dos programas obxecto do convenio.

Cuarta.- Guións e produción da serie de programas

A Consellería do Medio Rural facilitará á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. a documentación e mais o asesoramento necesario para a elaboración dos guións que compoñen os distintos espazos obxecto de emisión. Así mesmo, a consellería autorizará a traducir ou subtitular os guións resultantes a calquera lingua. Estes dereitos serán cedidos para todo o mundo e polo tempo máximo previsto na lexislación reguladora dos dereitos cedidos para a protección e goce dos mesmos.

Os medios técnicos e humanos necesarios para a gravación e produción desta serie de espazos serán por conta da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, S.A.

Quinta.- Financiamento

O orzamento total dos programas para 2020 é de 131.522,00 euros. A Consellería do Medio Rural contribúe con 75.000,00 euros, con cargo á aplicación 14.01.711A.640.3 (código de proxecto 2015 00585) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2020.

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A, empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio e non obterá ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

A dita cantidade será aboada pola Consellería do Medio Rural mediante pagos mensuais, tras a xustificación suficiente da realización das accións obxecto do convenio, que poderán abranguer gastos dende o 1 de marzo ata o 23 de decembro de 2020, mediante a presentación da seguinte documentación:

–Factura expedida pola Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. contra a consellería e certificacións do responsable de emisións da CRTVG sobre as datas e horas de emisión de cada programa. Estas facturas deberán ser conformadas pola secretaria xeral técnica.

–Dúas (2) copias dos programas en formato DVD.





-Certificacións expedidas polas respectivas administracións, que acrediten que a Corporación de Radio e Televisión de Galicia, S.A. está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes coa Xunta de Galicia.

Sexta. - Comisión de seguimento

Para os efectos de velar pola boa marcha e cumprimento do estipulado no presente convenio créase unha comisión de seguimento, que estará composta por dous representantes do Gabinete de Prensa, en representación da Consellería do Medio Rural, e pola Dirección de Servizos Informativos e a dirección técnica da serie de programas, en representación de Corporación de Radio e Televisión de Galicia, S.A. Esta comisión reunirse cando así o solicite unha das partes e será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.

Sétima.- Vixencia

O presente convenio producirá efectos dende o 1 de marzo ata o 28 de decembro de 2020.

Oitava.- Réxime

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada lei.

Novena.- Controversias

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán solventarse pola comisión de seguimento á que se refire a cláusula sexta anterior do presente convenio.

Décima.- Réxime de persoal

A sinatura deste convenio non implica relación laboral ou de calquera outro tipo entre os profesionais encargados de executar as actividades que constitúen o seu obxecto e a Consellería do Medio Rural, de tal xeito que non se poderá esixir a esta ningún tipo de responsabilidade polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento, nin polos incumprimentos nos que puidera incurrir a Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. nas súas relacións cos traballadores aos que encomende a realización do traballo.





Undécima.- Transparencia

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Duodécima.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E para que así conste, en proba de conformidade e tras a súa lectura, as partes asinan o presente convenio por duplicado exemplar, no lugar e data indicados.

Pola Consellería do Medio Rural

O Conselleiro



José González Vázquez

Por Corporación Radio e Televisión
de Galicia, S.A.

O Director xeral da CRTVG



Alfonso Sánchez Izquierdo

CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA
Dirección Xeral

